

Os Bolechas


© TM

guias

PEPE CARREIRO



Arousa Norte





Os Bolechas van de excursión coa súa amiga Carme pola serra do Barbanza. Vai tamén Larafuzas, a gata da Carme.

–Non nos perderemos polo monte? –pregunta Carlos.

–Non, ho! Eu son rianxeira e coñezo ben o camiño –dille a amiga.



De súpeto, a gata frea en seco.
 –Alto! Parade! Larafuzas quere merendar –ordena a Carme.


–É moi puntual. Cando chega a hora párase e non se move mentres non lle dea a merenda.



Os excursionistas paran a merendar. Carne dálle un bocado de empanada de berberechos á gata, mais non o quere.




Sonia dálle unha galleta de chocolate, mais tampouco a quere. –Émoi caprichosa. Come só o que se lle antolla –di a Carne.



Carlos dálle unha salchicha, Pili un iogur, Braulio un xeadado, Loli unha rebanda de queixo, mais a gata non quere nada.

–Xa sei o que quere. Cando se pon así de testuda é que ten antollo de xoubas. Temos que irllas pescar –di a Carme.



–O meu avó é mariñeiro. Voulle pedir que nos leve na dorna a pescar as xoubas.



Carme chama polo avó, pero o avó non está na casa.
–Se cadra foi mergullar, gústalle moito a pesca submarina.



Carme vai cos amigos á praia onde está a dorna do avó.
 –Temos que levar nós a dorna, pero eu sei navegar –di a rianxeira.

–Déixame guiar a min, Carme, eu son chofer de autobuses e
 camións –ponse Carlos.



Os excursionistas saen a pescar xoubas para Larafuzas.
Os caprichos da mica danlle ben traballo.

Carlos leva o leme da dorna. Carne fai de patroa e os outros de mariñeiros. Tatá e Chispa son os grumetes.




–Largade o aparello –berra Carme, coma se fose unha patroa de veras. E os mariñeiros obedecen.

Larafuzas agarda impaciente na proa do barco. Xa lle pasa bastante a hora da merenda. E ela é moi puntual.



Vaia chasco! No canto de xoubas pescaron un zapato vello.
 –Largamos mal o aparello. Hai que botalo outra vez –di a patroa.



Os mariñeiros volven largar o aparello. A ver se desta collen xoubas, porque Larafuzas está moi impaciente.



Outro chasco! Agora pescaron un calzón vello. Non debe ser fácil pescar xoubas.

Carlos, Loli e Braulio rin, mais a cousa non é de risa. Larafuzas ten moi malas pulgas e, como se enfade, vainos rabuñar.



Vaia sorpresa! O avó da Carme mergulla onda eles.
 –Que fas, Carme? Os nenos non podeades andar sós polo mar.

–Xa o sei avoiño, é que a Larafuzas antolláronselle xoubas e vimos pesacarlillas na túa dorna. Mais non pescamos unha.



–As xoubas péscanse no axexo, cando marcha o sol e antes de ser noite. Pero agardade, coido que teño algo na mochila.



Que sorte! O avó de Carme traía unha lata de xoubas na mochila. Por fin Larafuzas pode matar o antollo.



Colorea



Colorea



Redebuxa e colorea



Estes dous debuxos parecen iguais, pero entre eles hai 7 diferenzas. A ver se as atopas

SOLUCIÓN:



os bolechas[®]
PEPE CARREIRO



Carlos



Loli



Pili



Braulio



Sonia



Tatá



Chispa



Mamá Bolechas



Papá Bolechas



Avoa materna
Balbina



Avó materno
Marcelo



Avoa paterna
Flora



Avó paterno
Emiliano



Entra na nosa web e faite do club!

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.

www.osbolechas.com

Podes informarte de todo o que acontece na familia Bolechas no noso teléfono



902 18 20 10